

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e á iniciativa do deputado César Fernández Gil, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea 10/PNC-002606 (32020)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xornada lectiva e o transporte escolar dos CEIP de Seixalbo, do Carballiño e de Cea

Emenda de modificación

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a, no marco da Comisión interdepartamental de coordinación do proceso de implantación do sistema de transporte público integrado de Galicia, e dentro dos novos contratos de transporte incluídos no Plan de Transporte Público de Galicia, estudar o cambio de xornada lectiva dos Centros CEIP de Seixalbo, O CEIP Plurilingüe do Carballiño e o CPI Virxe da Saleta de Cea, do mesmo xeito que acaba de facer co Colexio Ben-Cho- Shey de Pereiro de Aguiar, en Ourense.”

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/07/2018 17:26:30

César Manuel Fernández Gil na data 02/07/2018 17:27:06



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:01
Nº Rexistro: 33012
Data envío: 02/07/2018 18:01:35.070

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, con número de rexistro **32020**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xornada lectiva e o transporte escolar dos CEIP de Seixalbo, do Carballiño e de Cea, que figura na orde do día da Comisión 4ª prevista para o vindeiro 3 de xullo de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a atender as demandas e necesidades en materia de horarios e transporte escolar do CEIP de Seixalvo, o CEIP Plurilingüe do Carballiño e o CPI Vixe da Saleta de Cea, co obxectivo de organizar a xornada escolar previa escoita e diálogo coa comunidade educativa.”

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2018 18:01
Nº Rexistro: 33012
Data envío: 02/07/2018 18:01:35.070

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/07/2018 18:01:03

Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2018 18:01:07